

## INSTRUCCIÓNS PARA REGULAMENTAR AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO DE 2022 EN RELACIÓN COA CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS, GASTOS E PAGAMENTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Conforme co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, á Universidade correspóndelle a elaboración, aprobación, xestión dos seus orzamentos e a rendición das súas contas anuais e das súas entidades dependentes.

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural, a el imputaranse os dereitos liquidados no seu transcurso e as obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro de cada exercicio, sen prexuízo do disposto no artigo 60-2) do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLROFG, Decreto 1/1999, do 7 de outubro).

Para cumprir coas anteditas obrigas legais ditase esta instrución que regula as operacións de peche do exercicio de 2022, no relativo á xestión financeira dos ingresos, cobros, gastos e pagamentos.

Na remisión ao Servizo que corresponda de expedientes de gasto que teñan prioridade na súa tramitación *por ser declarados de urxencia*, deberá indicarse no asunto do correo electrónico a palabra “*urxente*” en primeiro termo.

### INGRESOS E COBRAMENTOS

#### PRIMEIRA INSTRUCIÓN: TRAMITACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS ORZAMENTARIOS

1. As cantidades pendentes de ingresar polos distintos concesionarios e arrendatarios de servizos desta universidade deberán comunicarse a Xefatura de sección de Xestión Económica do Servizo de Control Interno antes do **28 de decembro de 2022**.
2. En relación coa xustificación de ingresos finalistas que financien expedientes de gasto, deberase tramitar a súa xeración con antelación suficiente ao límite sinalado na instrución segunda para a tramitación dos documentos contables. A persoa responsable da organización do curso ou da actividade deberá achegar, xunto co xustificante do ingreso, a relación das persoas que efectuaron os ingresos, o NIF destas, a data do ingreso e a aplicación orzamentaria que financia.<sup>1</sup>
3. Durante os meses de novembro e decembro contabilizaranse normalmente aqueles ingresos que se reciban nas contas da UDC no devandito período e respecto dos cales se teña información sobre a súa natureza e finalidade.
4. Aqueles ingresos que se reciban no último mes do exercicio económico e respecto dos cales **non se teña información** acerca da súa natureza e finalidade contabilizaranse ao final do exercicio con carácter provisional, no concepto non orzamentario de «Ingresos pendentes de aplicación». Para proceder á súa xeración no exercicio de 2022, a persoa responsable

<sup>1</sup> Resolución do 15/7/2021 da Xerencia e a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica de clasificación económica de ingresos e gastos e a súa imputación. Instrución para cubrir o formulario de cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc. e tramitar os gastos derivados destas actividades do 24/03/2022.

Código Seguro De Verificación	01b5fsi11SWfmz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	1/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsi11SWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsi11SWfmz9d40t+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



deberá comunicar coa data límite do **16 de xaneiro de 2023** a natureza e a finalidade do devandito ingreso. Os créditos de financiamento alleo xerados no último mes do exercicio orzamentario disporán dun prazo adicional para a súa incorporación ao exercicio 2023.

## SEGUNDA INSTRUCIÓN: TRAMITACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTOS E PAGAMENTOS ORZAMENTARIOS

1. En relación coa tramitación dos expedientes de gastos e pagamentos, determínase o seguinte:

a) Os compromisos de gasto de tracto sucesivo deberán estar formalizados contablemente (fases **D** ou **AD**) coa data límite do **16 de decembro de 2022**, e de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e as instrucións da UDC en materia económica e de contratación administrativa. Nos expedientes de gasto de tracto sucesivo e gasto estimativo (auga, gas, luz etc.) o compromiso de gasto formalizado en 2022 deberá ser suficiente para financiar as obrigas que posteriormente se deriven da súa prestación.<sup>2</sup>

b) As datas límite de recepción no Servizo de Control Interno no enderezo de correo electrónico [rdoc.intervencion@udc.gal](mailto:rdoc.intervencion@udc.gal) de documentos contables serán as seguintes:

- Día **19 de decembro 2022** documentos en fase RC, documentos A e AD. De exercicio corrente e plurianuais.
- Día **23 de decembro 2022** documentos D de exercicios correntes e plurianuais.
- Día **30 de decembro 2022**: resto de documentos contables, incluídos aqueles en fase ADO/O, sen retención do IRPF.

As datas anteriores tamén se aplicarán para enviar ao enderezo de correo electrónico [doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal](mailto:doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal) as solicitudes de contabilización dos expedientes de gastos exentos de intervención limitada previa de acordo coa RR do 31/05/2018, prorrogada para o exercicio 2022 pola RR do 03/01/2022 (en diante, exentos).

c) Os expedientes de gasto que, por circunstancias xustificadas, non poidan chegar á fase **O** nas datas indicadas no parágrafo anterior, isto é, que non teñan factura, deberán enviarse ao Servizo de Control Interno, ao enderezo de correo electrónico [rdoc.intervencion@udc.gal](mailto:rdoc.intervencion@udc.gal) ou ao correo [doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal](mailto:doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal), para os exentos, até o **30 de decembro de 2022**. Esta é a data límite para tramitar os expedientes de gasto que **por causas xustificadas** non puidesen tramitarse con anterioridade, suposto en que se inclúen os expedientes de gasto de tracto sucesivo (lecturas de contadores de fotocopiadoras do mes de decembro, servizos de limpeza, mantementos, seguridade etc.). Debe tratarse de gastos que se correspondan con prestacións de servizos, subministracións, mantementos, obras ou gastos efectivamente realizados en 2022. Estes expedientes revisaranse e validaranse a partir do **1 de xaneiro de 2023**.

No caso de que non se dispoña de factura antes do remate do ano, o expediente tramitarase no exercicio de 2023.

<sup>2</sup> Para o cumprimento deste apartado deberá revisarse no exercicio económico de 2022 o compromiso contraído. De ser necesario, tramitarase neste exercicio o documento AD/D complementario, ao cal se xuntará a xustificación do incremento.

Código Seguro De Verificación	01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	2/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## Xerencia

Para os expedientes de gasto que, con data do 31 de decembro de 2022, estean en fase **AD** ou **D** e validados en UXXI-Ec, deberá tramitarse no exercicio de 2023 o expediente de incorporación de créditos, nos termos establecidos nas Bases de execución do orzamento da UDC e conforme co que se estableza no Procedemento de incorporación de créditos de 2022 ao 2023.

**Os expedientes de gasto exentos** para os que non se chegue no exercicio de 2022 á fase **O** ou **ADO**, por non teren factura, deberán tramitarse no exercicio de 2023, nos termos establecidos na RR de exención de fiscalización. No caso de documentos **D** e **AD**, unha vez incorporados os créditos, formalizarase o documento contable que se tramitará a exención ou a fiscalización conforme o establecido na RR anual de exención de fiscalización, acompañarase dos documentos contabilizados en 2022, como exentos.<sup>3</sup>

d) O **30 de novembro de 2022** é a data límite para que a documentación dos expedientes de compromiso de gasto **con cargo a fondos propios** estea en poder do Servizo de Contratación Administrativa/ Xefatura de sección de Xestión Económica do Servizo de Control Interno, as administracións dos centros, os negociados de Asuntos Económicos dos centros de gasto, Equipo de Xestión da Investigación (EXI) e as outras unidades administrativas que teñan ao seu cargo a tramitación económica, para a elaboración do documento contable “D”/“AD”.

e) Tamén o **30 de novembro de 2022** será a data límite para que a documentación dos expedientes de compromisos de gasto **con cargo a fondos alleos ou finalistas** (cursos con financiamento externo, convenios e contratos do artigo 83 da LOU financiados con fondos alleos, axudas externas a investigadores, proxectos de investigación etc.) estea en poder do Servizo de Contratación Administrativa/ Xefatura de sección de Xestión Económica do Servizo de Control Interno, das administracións dos centros, dos responsables de Asuntos Económicos dos centros de gasto (RAE), do EXI e as outras unidades administrativas que teñan ao seu cargo a tramitación económica, para a elaboración do documento contable “D”/“AD”.

Para os expedientes de gasto financiados con fondos finalistas (europeos, estatais, autonómicos e contratos do artigo 83 da LOU) e suxeitos a un prazo de execución e ou xustificación que remata o **31 de decembro de 2022** ou no **primeiro trimestre do 2023**, a Xerencia poderá autorizar unha excepción do cumprimento dos prazos establecidos nesta instrución, o que fará mediante unha resolución motivada e por pedimento do/a responsable da axuda, no cal xustificará a urxente e inaprazable necesidade do gasto. O pedimento motivado do/a investigador/a principal (IP) deberá ter entrada na Xerencia non máis tarde do **16 de novembro de 2022**. Estes expedientes tramitaranse, para a súa fiscalización/validación de exentos, individualizadamente, en todas as súas fases, e indicarase que se tramitan de acordo co punto 1.e) desta instrución. Indicando no asunto do correo electrónico “apartado 1.e da Instrución peche” que se remita a RDOC segundo corresponda a [doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal](mailto:doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal) ou [rdoc.intervencion@udc.gal](mailto:rdoc.intervencion@udc.gal).

f) No caso das convocatorias de axudas para a mobilidade, financiadas con achegas da Comisión Europea, a través do SEPIE, programa Erasmus+ (acción KA103 e KA107 para SMS, SMT, STA, STT) e/ou fondos da UDC destinados á mobilidade internacional Erasmus+

<sup>3</sup> Achegarase, ademais, o soporte documental que corresponda a cada expediente de gasto.

Código Seguro De Verificación	01b5fsiI1SWfz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	3/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsiI1SWfz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsiI1SWfz9d40t+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



como cofinanciamento ou como anticipo, autorízase a tramitación polo/a responsable de asuntos económicos (RAE) de compromisos de gastos de exercicio corrente e/ou futuro(s) até o **16 de decembro de 2022**. As solicitudes deberán enviarse ao/á RAE **non máis tarde do 12 de decembro de 2022**.<sup>4</sup>

**Os expedientes de gasto ou pagamento que sexan obxecto de declaración en concepto do IRPF rexeranse segundo o disposto no punto 3 da instrución segunda.**

2. Os expedientes de gasto que, con data do **31 de decembro de 2022**, non estean en fase ADO/O quedarán anulados de pleno dereito. Todos os compromisos económicos existentes que non figuren formalizados contablemente en fase D e validados en UXXI-Ec, deberán ser anulados polo/a RAE de cada centro seguindo o procedemento establecido no **ANEXO I**.

Esta anulación non será de aplicación ás convocatorias de bolsas e axudas realizadas durante o exercicio de 2022 que se atopen na fase A con data do **31 de decembro de 2022** (a fase A deberá estar validada contablemente no sistema contable UXXI-Ec.).

Con data do **9 de xaneiro de 2023** anularanse os permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2022.

3. En relación cos expedientes de gasto que **sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF**, estarase ao seguinte:<sup>5</sup>

a) Todo expediente de gasto en fase **ADO/O** suxeito a retención en concepto de **IRPF** (bolsas, conferencias, asistencias,<sup>6</sup> IRS, facturas, alugueiros, traballos de colaboración etc.) terá como data límite de recepción no Servizo de Intervención ou no (ver casos solicitude emisión facturas) correo de [doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal](mailto:doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal) (coa indicación no asunto do correo electrónico "IRPF"), para os exentos, o **23 de novembro de 2022**.

Os expedientes de gasto con retención do IRPF deberán ser remitidos ao Servizo de Intervención ao enderezo de correo electrónico [rdoc.intervencion@udc.gal](mailto:rdoc.intervencion@udc.gal) de forma **separada** respecto do resto dos expedientes de gasto, coa indicación no asunto do correo electrónico "IRPF".

A Xerencia declara estes expedientes de gasto **de urxencia** para os efectos da súa fiscalización e o seu pagamento.

Estes expedientes de gasto deberán estar pagados antes do peche da nómina de decembro, e coa suficiente antelación para que o Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social poida ter en conta as contías das retencións, con vistas a, de ser o caso, proceder á regularización das retencións do IRPF no mes de decembro.

No caso de que con cargo ás provisións de ACF se imputen gastos correspondentes a financiamento alleo finalista, estes expedientes de gasto adecuaranse, na súa tramitación,

<sup>4</sup> Inclúense as reanualizacións, dentro dos límites establecidos no artigo 58 do DL 1/1999, polo que se aproba o TRLRFOG.

A excepción adecuarase aos prazos e condicións requiridos polo financiador.

<sup>5</sup> Lémbrese que, como norma xeral, en función da súa contía, estes expedientes de gasto estarán excluídos de intervención previa, salvo os supostos exceptuados recollidos na RR do 31/05/2018, prorrogada para o exercicio de 2022 pola RR do 3/01/2022.

<sup>6</sup> Incluídas as asistencias a tribunais de selección e outras asistencias a órganos colexiados que correspondan.

Código Seguro De Verificación	01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	4/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ás condicións establecidas na normativa que regule cada axuda. Na conta xustificativa de ACF deberán indicarse o financiamento a que se imputa o gasto e as situacións particulares en que se incorre (anticipos por estadías, pagamentos anticipados de IRS etc.).

b) Anticipos de IRS: non se autorizarán anticipos para xustificar IRS, conforme o establecido na RR do 23/04/2018,<sup>7</sup> a partir do día **21 de novembro de 2022**. Os anticipos pendentes de xustificar na data límite de recepción das contas xustificativas (quinta instrución, apartado 1) rexeranse polo procedemento establecido no **ANEXO III**.

c) Os expedientes de gasto, de financiamento propio da UDC, correspondentes a IRS, conferencias e asistencias a órganos colexiados, tribunais ou outros órganos de selección e traslados para impartir docencia, que se tramiten despois do **22 de novembro e até o 31 de decembro** imputaranse ao crédito inicial do exercicio de 2023. A imputación será autorizada por resolución conxunta da vicerreitoría con competencias en Economía e a Xerencia. A imputación deberá ser solicitada polo/a responsable da partida e o/a RAE. Para autorizarse a imputación ao exercicio de 2023 deberá acreditarse a existencia de saldo suficiente na partida con data do 31 de decembro de 2022, a nivel da vinculación establecida nas bases de execución do orzamento. No caso de que o saldo de crédito do exercicio de 2022 fose insuficiente, o expediente de gasto deberá enviarse para ser validado pola Comisión de Asuntos Económicos, delegada do Consello de Goberno (en diante, CAE) en 2023. A persoa responsable do crédito deberá xustificar as razóns da formalización do gasto sen cobertura económica.

A tramitación para a CAE efectuarase por medio do SIGEM, de acordo coa Instrución conxunta, do 16/01/2019, da Xerencia e a extinta Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (actual Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratégica).

No **ANEXO II** fómese o modelo de solicitude de imputación ao exercicio de 2022, que deberá ser asinada por medio do portafirmas, segundo a seguinte orde:

- 1.º Xefe/a do negociado de Asuntos Económicos.
- 2.º Director/a do centro de gasto.
- 3.º Xerente/a.
- 4.º Vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratégica.

A data límite para tramitar estas solicitudes de imputación será o **1 de marzo de 2023**.

No caso de financiamento alleo, a solicitude de imputación do gasto ao exercicio de **2023**, adecuarase á vixencia e ás condicións da axuda.

Este anexo, debidamente formalizado e asinado, constará na documentación de cada documento contable en RDOC.

d) Os anticipos que se concedan na anualidade de 2022, con cargo ao crédito de anualidade(s) de posterior(es), de proxectos da Xunta, tramitaranse de acordo co establecido na RR do 14/09/2017, que modifica a RR do 07/04/2017, para a tramitación orzamentaria, económico-administrativa e a operatoria contable que se debe seguir nos expedientes de

<sup>7</sup> RR que modifica a RR do 16/07/2002, de instrucións para a tramitación de indemnizacións por razón do servizo. [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2018/001289](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2018/001289).

Código Seguro De Verificación	01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	5/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





gasto relativos á contratación laboral de persoal con financiamento alleo, de carácter plurianual, en que se estableza unha data límite de xustificación, por anualidade, anterior á finalización do exercicio orzamentario.

e) Os servizos que xestionen recursos humanos (PAS, PDI, investigación) remitirán ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, non máis tarde do **30 de novembro de 2022**, os partes que correspondan ás altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro.

As nóminas elaboradas polo Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, para a percepción dos haberes do mes de decembro, deberán estar no Servizo de Xestión Financeira o **16 de decembro de 2022**. O seu aboamento producirase a partir do **21 de decembro de 2022**.

Os servizos xestores verificarán que as aplicacións financiadoras contan con crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao pagamento dos haberes do mes de decembro e das cotizacións correspondentes.

Os TC da Seguridade Social de novembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira coa data límite do **21 de decembro de 2022**.

Os TC da Seguridade Social de decembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira coa data límite do **21 de xaneiro de 2023**.

4. Lémbrese que os expedientes de gasto que se remitan para fiscalizar ou, de ser o caso, para contabilizar polo SIGEM, pola Xerencia, deberán ir acompañados da totalidade da documentación que estableza a normativa aplicable en cada caso. No suposto de que os expedientes estean incompletos devolveranse ao órgano xestor sen fiscalizar ou contabilizar no UXXI-Ec.

### TERCEIRA INSTRUCIÓN: GASTOS PLURIANUAIS

Os compromisos con cargo a exercicios futuros (gastos plurianuais) terán como data límite de formalización no UXXI-Ec. o día **30 de novembro de 2022**.

### CUARTA INSTRUCIÓN: DAS SOLICITUDES DE PAGAMENTOS AO EXTERIOR

Só se tramitarán con cargo ao exercicio de 2022 os pagamentos que se reciban no Servizo de Xestión Financeira coa **data límite do 21 de novembro de 2022**.

### QUINTA INSTRUCIÓN: DA CONTA DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DOS SERVIZOS CENTRAIS E CENTROS

1. As datas límite de recepción das contas xustificativas no Servizo de Control Interno<sup>8</sup> serán as seguintes:

a) Para expedientes que sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF e IRS: **23 de novembro de 2022**.

Estes expedientes de gasto con desconto do IRPF deberán ser remitidos ao Servizo de Intervención ao enderezo de correo electrónico [rdoc.intervencion@udc.gal](mailto:rdoc.intervencion@udc.gal) de forma

<sup>8</sup> Lémbrese que pola RR do 31/05/2018, prorrogada para o exercicio 2022 pola RR do 3/01/2022, o importe exceptuado de intervención previa para as contas xustificativas de reposición queda establecido en 3000 € (IVE incluído).

Código Seguro De Verificación	01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	6/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**separada** do resto dos expedientes de gasto, coa indicación no asunto do correo electrónico "IRPF".

b) Para o resto dos expedientes: **16 de decembro de 2022**.

2. Unha vez recibidas todas as reposicións de ACF, reintegrarase o importe do acordo de caixa do exercicio de 2022 aos servizos centrais e achegarase o impreso de conciliación da conta con data de referencia do 31 de decembro de 2022. Este reintegro, na conta xeral aberta na entidade Abanca co número **ES08 2080 0000 7531 1000 3268**, efectuarase obrigatoriamente **antes do 14 de xaneiro de 2023**. Non se poderá utilizar este acordo de caixa para atender gastos do orzamento de 2023.

Unha vez recibido o reintegro do acordo de caixa do exercicio de 2022, dotarase a conta de ACF co novo acordo do exercicio de 2023.

3. As caixas habilitadas pola UDC deberán presentar na Sección de Tesouraría ([seccion.tesouraria@udc.gal](mailto:seccion.tesouraria@udc.gal)) do Servizo de Xestión Financeira a conciliación correspondente (libro de caixa, ADO xustificativos e remanente en metálico sobrante) coa data límite do **16 de decembro de 2022**.

4. O Servizo de Xestión Financeira comprobará coa data límite do **1 de febreiro de 2023** que todas as dotacións de ACF están reintegradas nas súa totalidade.

#### SEXTA INSTRUCIÓN: MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

As modificacións orzamentarias terán como data límite para a súa tramitación o **30 de novembro de 2022**, a excepción das que afecten ao **capítulo I** «Gastos de persoal», que **poderán tramitarse até o 13 de decembro**.

Os expedientes de modificación orzamentaria deberán estar completos.

Con cargo aos ingresos contabilizados durante os meses de novembro e decembro de 2022, e coa finalidade de estaren actualizados os créditos orzamentarios para a súa incorporación, deberán tramitarse as modificacións orzamentarias (xeracións) que sexan consecuencia de ingresos de carácter finalista (proxectos de investigación, axudas, convenios, facturación, cursos etc.) coa data límite do **16 de decembro de 2022**. De se recibiren ingresos con posterioridade a esta data, o Servizo de Xestión Financeira deberá efectuar as modificacións necesarias para proceder á súa imputación ao exercicio de 2022 non mais tarde do **31 de xaneiro de 2023**. As xeracións de crédito de financiamento alleo, de ingresos da Administración Xeral do Estado e dos seus entes dependentes, da Xunta de Galicia e das súas entidades dependentes e de fondos europeos, adecuaranse as condicións establecidas no financiamento recibido.

#### SÉTIMA INSTRUCIÓN: SOLICITUDES DE EMISIÓN DE FACTURAS E CARGOS

O prazo de solicitude de emisión de facturas e cargos rematará o día **21 de novembro de 2022**.

#### OITAVA INSTRUCIÓN: VALIDACIÓN/CONTABILIZACIÓN

Os expedientes de gasto que se remitan para os validar a CAE deberán estar presentados no SIGEM non máis tarde do **20 de novembro de 2022**. Este prazo **non poderá ampliarse**.

Código Seguro De Verificación	01b5f5si1lSWfmz9d4Ot+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	7/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5si1lSWfmz9d4Ot+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5si1lSWfmz9d4Ot+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Estes expedientes adecuaranse ao establecido na instrución Instrución conxunta, do 16/01/2019, da Xerencia e a extinta Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (actual Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica) en relación co procedemento electrónico de solicitude de validación/imputación/contabilización dos expedientes de gasto.<sup>10</sup>

#### NOVENA INSTRUCIÓN: EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

A partir do **14 de novembro de 2022** non se poderán tramitar propostas de contratación administrativa dos procedementos establecidos na LCSP.

#### DÉCIMA INSTRUCIÓN: TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES

Lémbrese a obrigatoriedade da tramitación anticipada de expedientes con cargo ao crédito inicial do exercicio de 2023 cando sexa necesario que a execución dun expediente se inicie a principios do devandito exercicio, segundo o procedemento previsto para o efecto no texto consolidado da vicerreitoría de economía e planificación estratéxica, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto 14/10/2022.<sup>9</sup>

Por Resolución conxunta do 14/10/2022 da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e da Xerencia, pola que se establece o prazo de presentación das solicitudes de tramitación anticipada do gasto para o exercicio de 2023.<sup>10</sup>

#### DÉCIMO PRIMEIRA INSTRUCIÓN: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CAPÍTULO VI

Para os contratos laborais temporais que rematan o 31 de decembro de 2022 deberán terse en conta as normas de peche do exercicio de 2022. Por este motivo, establécese como último día para solicitar as prórrogas correspondentes o **14 de novembro de 2022**.

Os expedientes de gasto plurianuais só se poderán formalizar coa data límite do 30 de novembro do 2022.

No caso de que se queira solicitar algunha contratación que **deba iniciarse** no mes de xaneiro de 2023, cómpre que se inicien os trámites coa suficiente antelación (publicación, solicitude etc.). As solicitudes de contratación deberán entrar no Servizo de Investigación ou no Servizo de PAS coa **data límite do 14 de novembro de 2022** para que se realice a tramitación anticipada do expediente.

#### DÉCIMO SEGUNDA INSTRUCIÓN: EXCEPCIÓN DOS PRAZOS

A Xerencia poderá autorizar excepcións aos prazos previstos nesta instrución. A excepción requirirá un escrito motivado dirixido á Xerencia, que debe enviarse a través do/a RAE de cada centro.<sup>11</sup>

<sup>9</sup> [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2019/000230](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2019/000230)

<sup>10</sup> [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2021/009120](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/009120)

<sup>11</sup> Cómpre xustificar a urxente e inaprazable necesidade de tramitar o expediente de gasto no exercicio económico de 2022 e sinalar a fase en que se atopa o gasto: A/AD/ADO/O.

Código Seguro De Verificación	01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	8/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Para os expedientes de gasto obxecto de retención/declaración de IRPF non se ampliarán os prazos salvo que se trate de axudas nas que remate o prazo de execución e se acredite no expediente a causa da non tramitación con anterioridade.

### **DÉCIMO TERCEIRA INSTRUCCIÓN: TRÁMITES ORZAMENTARIOS QUE DEBEN REALIZAR OS USUARIOS DO SISTEMA UXXI-EC**

Lémbrese a todas as persoas usuarias do sistema informático UXXI-Ec. que a partir da publicación desta instrución cómpre que se revise a base de datos que corresponda a cada usuario/a e se eliminen os documentos contables e xustificantes de gasto sen asentar, de acordo coas pautas que se detallan no **ANEXO I** que se xunta.

### **DÉCIMO CUARTA INSTRUCCIÓN. OPERACIÓNS QUE SE FINANCIEN CON CARGO AO EJERCICIO DE 2022**

As operacións que se financien con cargo ao exercicio de 2022 e que se realicen en 2023 levarán data do 31/12/2022 no UXXI-Ec., sen prexuízo de que a validación en UXXI-Ec. dos documentos contables que soporten o expediente de gasto teñan data posterior.

### **DÉCIMO QUINTA INSTRUCCIÓN. DOCUMENTOS PENDENTES DE VALIDAR NO EJERCICIO DE 2022**

Antes de finalizar o exercicio, o/a RAE do centro de gasto que corresponda deberá comprobar que todos os documentos contables están validados.

Os documentos sen validar serán borrados do sistema, agás que por erro quedasen sen validar en UXXI-Ec. Neste último caso, solicitarase á Xerencia a súa contabilización mediante un escrito razoado de por que quedou sen validar, acompañado de toda a documentación do expediente. Nestes casos, a Xerencia decidirá autorizar ou denegar a tramitación do expediente de gasto.

### **DÉCIMO SEXTA INSTRUCCIÓN. INFORMACIÓN DE OBRIGAS PENDENTES**

Se unha vez tramitados todos os pagamentos con cargo ao exercicio de 2022, o Servizo de Xestión Financeira advirte da existencia dalgunha obriga pendente, remitirá a información ao/á RAE do centro de gasto que corresponda, quen deberá xustificar no prazo de cinco días, contados desde o seguinte á recepción do escrito/correo electrónico, se se corresponde cunha obriga real ou debe procederse á baixa do saldo pertinente.

### **DÉCIMO SÉTIMA INSTRUCCIÓN. RELACIÓN DE OR/DR**

O Servizo de Xestión Financeira remitirá á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e a Xerencia, non máis tarde do **31 de xaneiro de 2023**, a relación de obrigas recoñecidas e pendentes de pagamento con data do 31/12/2022, así como a relación de dereitos recoñecidos e pendentes de cobramento con data do 31/12/202. Incorporarase toda a información adicional que cumpra.

### **DÉCIMO OITAVA INSTRUCCIÓN. ELABORACIÓN DE CONTAS ANUAIS**

A UDC elaborará as súas contas anuais do exercicio de 2022 nos prazos establecidos na normativa. As devanditas contas serán postas á disposición dos auditores externos para a súa revisión e posterior aprobación polo Consello de Goberno e o Consello Social, para a súa posterior remisión ante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, Xunta de Galicia.

Código Seguro De Verificación	01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións			Páxina	9/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



**INSTRUCCIÓN FINAL: PUBLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR**

Esta instrución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día sa súa publicación.

Asinado dixitalmente polo xerente.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	01b5fsiI1SWfmz9d4Ot+Pg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	10/20
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsiI1SWfmz9d4Ot+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsiI1SWfmz9d4Ot+Pg==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**RESUMO DE TRÁMITES E PRAZOS ORDENADOS CRONOLOGICAMENTE**

TRÁMITE	PRAZOS
Anularanse os permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2022	9/01/2023
Data límite para a tramitación de propostas de contratación administrativa (LCSP)	14/11/2022
Data límite de envío ao Servizo de Investigación ou Servizo de PAS das solicitudes de inicio de contratación laboral que deban iniciarse no mes de xaneiro de 2023	14/11/2022
Data límite da solicitude de prórrogas para contratos laborais (capítulo VI) que rematen o 31/12/2022	14/11/2022
Data límite do envío ao Servizo de Xestión Financeira das solicitudes de pagamentos ao exterior	21/11/2022
Data límite para que os expedientes de compromiso de gasto con cargo a <b>fondos propios</b> estean en poder da unidade xestora	30/11/2022
Data límite para que os expedientes de compromiso de gasto con cargo a <b>fondos alleos ou finalistas</b> (cursos con financiamento externo, convenios e contratos do artigo 83 da LOU financiados con fondos alleos, axudas externas a investigadores, proxectos de investigación etc.) estean en poder da unidade xestora	30/11/2022
Solicitude de excepción en canto aos prazos para expedientes de gasto con cargo a fondos finalistas suxeitos a prazo de execución (31/12/2022 ou primeiro trimestre de 2023)	16/11/2022
Data límite para a solicitude de anticipos para xustificar IRS conforme o establecido na RR do 23/04/2018 (Anexo III)	21/11/2022
Data límite para a formalización contable de compromisos de gasto, incluídos os de tracto sucesivo, en fase D ou AD	16/12/2022
Data límite para a presentación no SIGEM de expedientes de gasto para validar/imputar no exercicio de 2022	20/11/2022
Data límite da formalización no UXXI-EC de compromisos plurianuais adquiridos durante o exercicio de 2022 (inclúense tamén os compromisos plurianuais dos contratos laborais do capítulo VI)	30/11/2022
Data límite para o envío ao Servizo de Control Interno ou ao <a href="mailto:doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal">doc.exencionfiscalizacionprevia@udc.gal</a> de documentos contables en fase ADO/O suxeitos ao IRPF (bolsas, conferencias, asistencias, axudas de custo, facturas etc.)	23/11/2022
Data límite para o envío, de forma separada, ao Servizo de Control Interno das contas xustificativas de anticipos de caixa fixa do IRPF e IRS	23/11/2022

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	
Observacións	Páxina	11/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



TRÁMITE	PRAZOS
Data límite de solicitude de emisión de facturas e cargos	<b>21/11/2022</b>
Data límite para o envío de documentos contables en fase RC/A/AD ao correo electrónico de <a href="mailto:rdoc.intervencion@udc.gal">rdoc.intervencion@udc.gal</a> do Servizo de Intervención, ou ao correo electrónico de exentos de acordo coa RR de 3/1/2022 de prórroga de exención fiscalización. De exercicio corrente e de plurianuais	<b>19/12/2022</b>
Data límite para a tramitación das modificacións orzamentarias, a excepción das que afecten ao capítulo I «Gastos de persoal»	<b>30/11/2022</b>
Data límite para o envío ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, por parte dos servizos que xestionan recursos humanos (PAS, PDI e investigación), dos partes de altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro	<b>30/11/2022</b>
Data límite da liquidación das caixas habilitadas (ACF) e envío da conciliación á Sección de Tesouraría.	<b>16/12/2022</b>
O Anexo IV enviarase por correo electrónico ao enderezo de correo electrónico <a href="mailto:sxfinanceira@udc.gal">sxfinanceira@udc.gal</a> non máis tarde do 9 de xaneiro de 2023	<b>09/01/2023</b>
Data límite para o envío ao Servizo de Control Interno das contas xustificativas de anticipos de caixa fixa sen IRPF	<b>16/12/2022</b>
Data límite para o envío de documentos contables en fase ADO/O sen retención do IRPF ao correo electrónico de <a href="mailto:rdoc.intervencion@udc.gal">rdoc.intervencion@udc.gal</a> do Servizo de Intervención ou ao correo electrónico de exentos pola RR do 31/05/2018	<b>30/12/2022</b>
Data límite para o envío de solicitudes, ao/á responsable de Asuntos Económicos, dos compromisos de gasto de convocatorias de axudas para a mobilidade, financiadas con achegas da Comisión Europea, a través do SEPIE, programa Erasmus+	<b>12/12/2022</b>
Data límite para o envío de documentos contables en fase D ao correo electrónico de <a href="mailto:rdoc.intervencion@udc.gal">rdoc.intervencion@udc.gal</a> do Servizo de Control Interno, ou envío ao correo electrónico de exentos de acordo coa RR de 3/1/2022 de prórroga de exención fiscalización. De exercicio corrente e plurianuais	<b>23/12/2022</b>
Data límite para a tramitación das modificacións orzamentarias do capítulo I «Gastos de persoal»	<b>13/12/2022</b>
Data límite para a tramitación das xeracións de carácter finalista para a actualización dos créditos que se incorporarán	<b>16/12/2022</b>
Data límite para a tramitación, polo/a responsable de Asuntos Económicos, dos compromisos de gasto de exercicio corrente e futuro, de convocatorias de axudas para a mobilidade, financiadas con achegas da Comisión Europea, a través do SEPIE, programa Erasmus+	<b>16/12/2022</b>

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	
Observacións	Páxina	12/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfz9d40t+Pg==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



TRÁMITE	PRAZOS
Data límite para o envío ao Servizo de Xestión Financeira da nómina de decembro de 2022	<b>16/12/2022</b>
Aboamento da nómina de decembro de 2022	<b>A partir do 21/12/2022</b>
Data límite para o envío ao Servizo de Xestión Financeira dos TC da Seguridade Social (novembro de 2022)	<b>21/12/2022</b>
Data límite para o envío ao correo electrónico de <a href="mailto:rdoc.intervencion@udc.gal">rdoc.intervencion@udc.gal</a> do Servizo de Control Interno ou o correo electrónico de exentos de expedientes de gasto que non poidan chegar á fase O (sen factura), por circunstancias xustificadas, no exercicio de 2022	<b>30/12/2022</b>
Data límite para o envío a Xefatura de sección de Xestión Económica do Servizo de Control Interno dos ingresos pendentes por parte de concesionarios/as e de arrendatarios/as	<b>28/12/2022</b>
Anulación de expedientes de gasto que non estean en fase ADO/O con data do 31 de decembro de 2022 (Anexo I)	<b>31/12/2022</b>
Data para revisar e validar se procede os expedientes de gasto en fase de recoñecemento de obriga tramitados polo Servizo de Contratación Administrativa/Xefatura de sección de Xestión Económica do Servizo de Control Interno, despois das datas establecidas no parágrafo anterior, enviaranse até o 31 de decembro de 2022 ao Servizo de Intervención <a href="mailto:rdoc.intervencion@udc.gal">rdoc.intervencion@udc.gal</a> . Debe tratarse de gastos que se correspondan con prestacións de servizos, subministracións, mantementos, obras ou gastos efectivamente realizados en 2022.	<b>A partir do 01/01/2023</b>
Data límite de reintegro da conta de anticipos de caixa fixa, na conta xeral de Abanca, e envío do impreso de conciliación da conta (data de referencia do 31/12/2022)	<b>14/01/2023</b>
Data límite para o envío ao Servizo de Xestión Financeira dos TC da Seguridade Social (decembro de 2022)	<b>21/01/2023</b>
Data límite de comunicación, pola persoa responsable, da identificación de ingresos (natureza e finalidade), de decembro de 2022, e o seu tratamento contable.	<b>16/01/2023</b>
No tocante aos ingresos que se reciban con posterioridade ao 15 de decembro, o Servizo de Xestión Financeira deberá efectuar as modificacións necesarias para proceder á súa imputación ao exercicio de 2022 non máis tarde do 31 de xaneiro de 2023.	<b>31/01/2023</b>
Data límite para que o Servizo de Xestión Financeira remita á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e á Xerencia unha relación das obrigas recoñecidas e pendentes de pagamento con data do 31/12/2022, así como unha relación dos dereitos recoñecidos e pendentes de cobramento coa data do 31/12/2022	<b>31/01/2023</b>

Código Seguro De Verificación	01b5fsiI1SWfz9d40t+Pg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións			Páxina	13/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsiI1SWfz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsiI1SWfz9d40t+Pg==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			





TRÁMITE	PRAZOS
Data límite para que o Servizo de Xestión Financeira comprobe que todas as dotacións de ACF están reintegradas na súa totalidade	<b>01/02/2023</b>
Data límite para solicitar a imputación no exercicio de 2023 de IRS, conferencias e asistencias a tribunais ou outros órganos de selección tramitadas entre o 22/11/2022 e o 30/12/2022.	<b>01/03/2023</b>

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Páxina
Observacións		14/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d4Ot+Pg==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



**ANEXO I. EXPEDIENTES DE GASTO QUE CON DATA DO 31 DE DECEMBRO NON ESTEAN EN FASE ADO/O**

Os expedientes de gasto que con data do 31 de decembro de 2022 se atopen en reserva de crédito, retención de crédito ou nas fases A, AD ou D, e teñan crédito comprometido que non sexa obxecto de incorporación, deberán anularse no sistema informático UXXI-Ec. mediante o seguinte procedemento:

- Anulación da reserva de crédito.
- Elaboración dun documento contable negativo do documento que vai ser anulado (RC-A/-D/-AD/).

Para elaborar o documento contable negativo do documento que vai ser anulado procederase do xeito seguinte:

Desde o *Módulo Docuconta* consulte polo número do documento que vai anular e ábrao. Situado enriba do documento vaia á ficha *General = Anular Documento Activo* e aparecerá automaticamente na pantalla o documento negativo. Só ten que cambiar na ficha *Aplicaciones* o importe que se vai anular, agás que haxa que anular a totalidade. Na ficha *Contables*, no texto libre, indique o motivo polo que procede anulalo. Finalmente, gárdeo e xa está anulado.

Unha vez impreso, deberá achegalo para a súa fiscalización, xunto co documento positivo orixinal, ao Servizo de Intervención. Unha vez que estea fiscalizado, será devolto ao centro para o seu arquivo.

Para liberar o crédito, ademais, deberá continuar anulando o expediente de reserva de crédito do seguinte xeito:

Desde o *Módulo Documenta*, ficha *General = Nuevo Expediente Negativo*, onde aparece o expediente anterior, indique o número de expediente que desexa anular (que aparece tanto no documento contable positivo como no negativo, pois é o mesmo número). Comprobe que na ficha de *Datos Orzamentarios* coincida o importe que aparece co que se vai anular e gárdeo.

Así mesmo, tamén procederá a anular os documentos contables de exercicios futuros que non deban manter a súa vixencia no exercicio de 2022.

Todos estes trámites referidos aos correspondentes documentos contables deberán estar rematados antes do **31 de decembro de 2022**.

Con data do **9 de xaneiro de 2023** anularanse os permisos, agás de consulta, sobre o exercicio económico de 2022. Se con posterioridade á devandita data fose necesario realizar algún trámite orzamentario, deberá solicitarse á Xerencia facelo, coa indicación dos motivos para que desde os Servizos Centrais se efectúen os trámites orzamentarios oportunos.

Cada usuario/a deberá revisar e solucionar aqueles trámites orzamentarios que por algunha circunstancia non acadaron a súa finalidade.

Unha vez realizadas estas operacións, os/as responsables de Asuntos Económicos de cada centro de gasto remitirán ao Servizo de Xestión Financeira o **ANEXO IV** debidamente cuberto e asinado. Este anexo enviarase por correo electrónico ao enderezo de correo electrónico

Código Seguro De Verificación	01b5f5i11SWfz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	15/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i11SWfz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i11SWfz9d40t+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

[sxfinanceira@udc.gal](mailto:sxfinanceira@udc.gal) non máis tarde do **9 de xaneiro de 2023**. Coa sinatura deste anexo o/a RAE responsabilízase de que as operacións inherentes ao peche que lles corresponden están realizadas.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	16/20
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**ANEXO II. MODELO SOLICITUDE DE IMPUTACIÓN<sup>12</sup>**


**1) RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTOS DO EXERCICIO DE 2022 PARA IMPUTAR AO EXERCICIO DE 2023**

Centro de gasto: .....

FAISE CONSTAR que os expedientes relacionados foron recibidos na unidade responsable da tramitación entre o 22/11/2022 e o 30/12/2022. Por esta razón, non foi posible a súa imputación no exercicio de 2022. Non obstante, faise constar que con data do 31/12/2022 había crédito axeitado e suficiente para a súa formalización contable nas partidas que se indican.

NOME E APELIDOS (indicar o/a comisionado/a, conferenciante e asistencias a tribunais)	PARTIDA	IMPORTE	SALDO DISPONIBLE NA PARTIDA CON DATA DO 31/12/2022	PARTIDA DO EXERCICIO 2023 (debe ser unha partida homóloga á do exercicio 2022)

<sup>12</sup> O Anexo II e o expediente de gasto asinado deberán remitirse ao SIGEM para a súa imputación ao exercicio de 2023.

Código Seguro De Verificación	01b5fsi1LSWfz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24	
Observacións		Páxina	17/20	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsi1LSWfz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsi1LSWfz9d40t+Pg==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

2) Xúntase a este anexo un PDF co Informe de saldos de 2022 (UXXI-Ec.) da(s) partida(s) anteriormente relacionada(s), que acredita a existencia de saldo dispoñible suficiente no exercicio de 2022 para financiar os gastos detallados neste anexo.

Asinado dixitalmente polo/a:

- Responsable de Asuntos Económicos
- director/a do centro de gasto

---


Vista a solicitude de imputación que se achega, e unha vez verificada a existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio de procedencia, conforme o establecido na Instrución de peche do exercicio de 2022, autorízase a imputación ao exercicio de 2023. Na solicitude expónse que os expedientes de gasto detallados non puideron imputarse ao exercicio de 2022 por corresponderen a accións realizadas con posterioridade á data límite establecida na citada instrución de peche para a súa formalización contable.

De conformidade co que antecede, RESOLVEMOS:

- Autorizar a imputación proposta.
- Financiar os expedientes de gasto relacionados con cargo aos fondos consignados nas aplicacións indicadas neste anexo e correspondentes ao exercicio de 2023.

Asinado dixitalmente polo/a:

- xerente/a
- vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica

Código Seguro De Verificación	01b5fsi1LSWfmz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24	
Observacións		Páxina	18/20	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsi1LSWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5fsi1LSWfmz9d40t+Pg==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



**ANEXO III. PROCEDIMIENTO PARA ANTICIPOS DO ANO 2022 PENDENTES DE XUSTIFICAR NO ANO 2023**

Os anticipos para xustificar as IRS que se concedan en 2022 e que queden pendentes de xustificar ao peche do exercicio (pendentes de liquidar en 2022) conforme o establecido na RR do24/04/2018, imputaranse ás provisións de ACF do exercicio de 2022.

No momento de facer a conta xustificativa de reposición de ACF, ao estar a actividade pendente de xustificar até o exercicio seguinte, deberá indicarse esta circunstancia na descrición dos xustificantes de gastos (*anticipo pagado con data do XX/XX/XXXX para a actividade XXXXXX, que se realizará o XX/XX/XXXX*). No texto libre do ADO de reposición indicárase «PENDENTE DE XUSTIFICAR».

Unha vez que se xustifiquen os gastos en 2023, e en función do resultado da liquidación do/a comisionado/a, darase un dos seguintes casos:

1. Liquidación a favor da UDC: no caso de que o/a comisionado/a teña que devolver importes percibidos no exercicio anterior, estas contías reintegraranse ao Tesouro da UDC na conta xeral do Banco Santander (ES83 0049 0007 2326 1207 1316).
2. Liquidación a favor do/a comisionado/a: no caso de ter que aboar contías ao/á comisionado/a, farase a liquidación con cargo á conta de ACF de 2023. Nesta conta xustificativa de reposición deberá achegarse unha copia do expediente completo de anticipo do exercicio anterior (impreso de liquidación de IRS, adiantos de caixeiro, xustificantes de gasto, ADO de reposición pendente de xustificar e calquera outra documentación que conste no expediente). Estas liquidacións incluíranse nunha conta xustificativa de reposición única para estes gastos.
3. Xustificación do adianto: deberá xuntarse ao expediente de gasto de 2022 a xustificación documental de realización da actividade (diploma, certificado de asistencia ou acreditación similar). Esta xustificación enviarase por correo electrónico ao Servizo de Xestión Financeira, no que se indicará o número de documento contable ADO de reposición do exercicio de 2022 onde se arquivará esa documentación.

No exercicio de 2023, ademais da liquidación do anticipo, o/a responsable do crédito deberá acreditar tamén a realización de conformidade do servizo encomendado ao/á comisionado/a.

No caso da inscrición en congresos e outras actividades formativas en que se aboe unha matrícula/taxa no exercicio de 2022, cando a actividade se realizará en 2023, deberá xuntarse ao expediente de gasto de 2022 a xustificación documental da realización da actividade (diploma, certificado de asistencia ou acreditación similar).

Código Seguro De Verificación	01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
Observacións		Páxina	19/20
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





**ANEXO IV. COMUNICACIÓN DO REMATE DAS OPERACIÓNS CON CARGO AO EXERCICIO DE 2022**

D/D.<sup>a</sup> ..... responsable de Asuntos Económicos (RAE) do centro de gasto: ..... (indíquese o centro de gasto e o código/s orgánicos que lle corresponde/n), rematou coa tramitación de expedientes de gasto con imputación ao exercicio económico de 2022 e procedeu a realizar as operacións indicadas no anexo I e a décimo quinta instrución.<sup>13</sup>

O/a RAE

Na data da sinatura dixital

<sup>13</sup> Lémbrese que debe ter revisadas as aplicacións que corresponden co seu centro e ter procedido a realizar as operacións indicadas no anexo I e a décimo quinta instrución.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	08/11/2022 15:35:24
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	20/20
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==">https://sede.udc.gal/services/validation/01b5f5i1lSWfmz9d40t+Pg==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

